



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS “XXXVI XORNADAS DE FOLKLORE 2019” NA PROVINCIA DE OURENSE.

REUNIDOS

Dunha parte Don José Manuel Baltar Blanco, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Ourense, actuando en nome e representación desta entidade local e en uso das atribucións que lle veñen conferidas polo acordo plenario de data 14.07.2015, de elección do seu Presidente, polo artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e actuando en uso das competencias atribuídas polos artigos 109 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.

Doutra parte, Dona Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 96/2018 do 26 de setembro, de nomeamento, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Ambas partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, para estes efectos

EXPOÑEN:

I. Que de conformidade co disposto no artigo 118 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, son competencias propias das deputacións provinciais o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, e en especial calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento no eido da cultura.

Na mesma liña a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe competencias para a cooperación e o fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, a cal permiten á provincia, a través dos seus órganos de goberno e administración, promover e executar unha ampla gama de accións públicas, incluída a de cooperación e asistencia aos concellos.

II. No ámbito da Administración autonómica, o Decreto 138/2018, do 8 de novembro, establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e atribúelle a esta a competencia para xestionar centros de titularidade pública vinculados coa actividade educativa, entre eles, o Centro Residencial Docente de Ourense.

III. Que as administracións asinantes do presente convenio consideran necesario establecer liñas de colaboración, dende as súas diferentes responsabilidades, para promover a





utilización eficiente dos recursos dispoñibles e fomentar a difusión do folklore internacional a través das “XXXVI Xornadas de Folklore 2019”

IV. Ámbalas partes, en cumprimento do sinalado no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e no artigo 12.4 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento e do Consello do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/ CE, consideran necesario e oportuno impulsar as accións previstas neste convenio, co obxecto de desenvolver unha cooperación tendente a garantir que os servizos e/ou finalidades que lles incumben se presten de xeito que se consigan os obxectivos que teñen en común, cooperación que se guía unicamente por consideracións relacionadas polo interese público e que non favorece a ningún prestador de servizos privados respecto dos seus competidores, e non tendo en ningún caso carácter contractual.

A necesidade e a oportunidade deste convenio veñen motivadas polas competencias que ambas Administracións Públicas teñen encomendadas pola lexislación en materia de xestión de centros de titularidade pública vinculados coa actividade educativa, e de réxime local e fomento e difusión do folklore.

V. Considerando a concorrencia de intereses comúns entre ambas administracións acordan a sinatura do presente convenio que se axustará ás seguintes CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia para a organización das “XXXVI Xornadas de Folklore 2019” que se desenvolverán en diferentes lugares da provincia de Ourense entre os días 6 e 16 de agosto do ano en curso.

SEGUNDA. OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, porá a disposición da organización as instalacións do Centro Residencial Docente sitas na Avenida Universidade núm. 18”, CP 32005 (Ourense), co fin de servir de aloxamento para os grupos participantes nas “XXXVI Xornadas de Folklore 2019” durante o seu desenvolvemento.

As características principais do dito centro que determinan a súa idoneidade para os fins obxecto deste convenio son as seguintes:

- *Aloxamento:*
 - *Para 190 persoas dos 6 grupos estranxeiros participantes no festival*
 - *Para 20 persoas membros colaboradores da organización (guías-intérpretes)*
 - *Total: 210 persoas*
- *Características do aloxamento (dormitorios e espazos complementarios):*





- *Servizo de limpeza diario adecuado ao número de persoas aloxadas.*
- *Habitacións individuais, dobres e triples, con baño.*
- *6 salas de fácil acceso con capacidade para almacenaxe de vestiario, instrumentos e atrezzo dos grupos participantes.*
- *6 salas de reunión e traballo para os grupos participantes.*
- *2 salas diáfanas para ensaios dunhas dimensións mínimas de 12x10m (120m²).*
- *3 oficinas de traballo equipadas con material informático (ordenadores e impresoras) e acceso a Internet para a organización:*
 - *Director*
 - *Secretario*
 - *Guías-intérpretes*
- *Espazo para aparcamento con capacidade para 7 autobuses para os desprazamentos dos grupos participantes (carga e descarga do material empregado) e 15 turismos dos membros colaboradores da organización.*

TERCEIRA. OBRIGAS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

1. A Deputación de Ourense comprométese a asumir os custos de manutención dos grupos participantes nas “XXXVI Xornadas de Folklore 2019” durante o seu desenvolvemento. Para os efectos indicados a empresa contratista do servizo de comedor do Centro Residencial Docente de Ourense facturará directamente os servizos prestados á Deputación Provincial.

O dito servizo de cociña consistirá en almorzo tipo buffet, para 210 persoas en horario diario de 9.00 a 9.30, comida para 230 persoas en horario diario de 14.00 a 15.00. Tanto o almorzo como a comida de medio día deberán ser os adecuados tanto en variedade como en cantidade tendo en conta a actividade física que realizan os bailaríns e bailarinas cada día e deberán adaptarse as características relixioso-culturais dos países participantes.

2. A Deputación de Ourense comprométese a asumir os custos de limpeza diaria nas habitacións e elementos comúns do inmobile durante as datas de celebración das “XXXVI Xornadas de Folklore 2019”. Para os efectos indicados, a empresa contratista do servizo de limpeza do Centro Residencial Docente de Ourense facturará directamente polos servizos prestados á Deputación Provincial.

3. A Deputación de Ourense comprométese a asumir os custos de vixilancia e seguridade do inmobile durante os festivos e fins de semana nas datas de celebración das “XXXVI Xornadas de Folklore 2019”. Para os efectos indicados, a empresa contratista do servizo de vixilancia do Centro Residencial Docente de Ourense facturará directamente polos servizos prestados á Deputación Provincial.

CUARTA. FINANCIAMENTO

As obrigas económicas da Deputación Provincial realizaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2019/45012/22609 do vixente orzamento xeral.





QUINTA. CONTROL E SEGUIMENTO

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións asinantes. Serán funcións da devandita comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio. A comisión reunirase cando sexa necesario para o desenvolvemento das actuacións reflectidas no convenio.

SEXTA. EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

A subscrición deste convenio non xerará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades obxecto deste acordo e maila Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia, de xeito que non se lle poderá esixir á Xunta de Galicia nin á Deputación de Ourense ningunha responsabilidade nin directa nin indirecta nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SÉTIMA. PUBLICIDADE DA COLABORACIÓN DAS PARTES

A Deputación Provincial de Ourense deberá dar axeitada publicidade da participación da Xunta de Galicia nas actividades obxecto deste convenio. No material que se utilice e se reparta con motivo dos eventos e das actividades que se realicen, ao amparo deste convenio, deberá facerse constar a colaboración da Xunta de Galicia.

OITAVA. INCUMPRIMENTOS

Os eventuais incumprimentos das partes respecto das súas obrigas fixadas neste convenio serán tratados e resoltos, de ser posible, na comisión de seguimento prevista na cláusula quinta.

A Deputación Provincial de Ourense comprométese a contratar un seguro de responsabilidade civil, que deberá ter unha cobertura suficiente para calquera eventualidade que puidese suceder no Centro Residencial Docente de Ourense derivada do uso das instalacións durante a súa estancia.

NOVENA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

O convenio poderá extinguirse, durante a súa vixencia, por algunha das seguintes causas:

- a) O acordo unánime das partes asinantes.
- b) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.
- c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- d) Pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

As posibles modificacións deste convenio, acordadas de forma unánime polas partes





asinantes, deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

DÉCIMA. NATUREZA E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando suxeito ás estipulacións contidas nel. Tramítase en cumprimento do disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Para resolver as dúbidas e incidencias que puidesen xurdir na súa execución será de aplicación directa a citada lei, sendo de aplicación supletoria os principios inspiradores da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer de todas aquelas cuestións litixiosas que poidan xurdir deste.

DÉCIMO PRIMEIRA. TRANSPARENCIA

O presente convenio estará a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, en aplicación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional remite este convenio ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia para a súa inscrición e arquivo.

A sinatura do convenio suporá o consentimento expreso das partes para incluír e facer públicos os seus datos referidos no convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor o día seguinte da data da derradeira sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 16 de agosto de 2019.

E en proba de conformidade, ambas partes subscriben o presente convenio mediante sinatura electrónica.

O presidente da Deputación Provincial de
Ourense

A conselleira de Educación, Universidade e
Formación Profesional

Don José Manuel Baltar Blanco

Dona Carmen Pomar Tojo

